

Carta 2

Queridos nenos e nenas:

Mary Kay xa está aquí!!

Tamén me chaman Maruxa "A vendedora de soños", pois sempre estou a contar historias e consigo os obxectos mais estranos que poidades imaxinar, como por exemplo ovos de dragón, osos de dinosaurio, escamas de serea...

Como boa tratante, eu decido o seu prezo, son a máis rápida da Illa sumando, restando, multiplicando...

As veces me pagan con monedas, outras con obxectos, alimentos, contos, cancións...

Vivo nun carromato de moitas cores, co meu unicornio como motor, viaxando por todos os mundos cunha curuxa moi curiosa ao meu lado.

As miñas prendas favoritas son os panos do cabelo e as faldas largas e todo o que teña "brilli, brilli".

As miñas cores: o azul e o vermello

A miña comida favorita: polbo, empanada e filloas.

Os meus animais preferidos?

As curuxas, os bufos e os unicornios!

Agora que xa me coñecedes un pouco máis, marcho axiña cara a escola do Unicornio, pois este curso pediume Madame Dragonfly e o Mago Alfa que lles ensine a os nenos e nenas da Illa de onde veñen as cousas que nos rodean...a roupa, os alimentos, o papel, o calzado...

Por exemplo: que trouxéchedes ao cole de merenda? Froita? Iogurt? Pan? De onde sae o pan? Quen fai as barras de pan?

Onde podemos mercalo?

E os zapatos? E os pantalóns? E as mesas do cole ou da casa? E esa camiseta tan bonita que levas posta?

Como eu sempre estou a percorrer o mundo, coñezo moi ben a illa e por iso levarei este curso aos nenos e nenas da escola do unicornio e das vosas escolas a coñecer os recunchos de Illa Fantasía e das vosas vilas, eses lugares onde comezan todas as cousas, que se venden nos mercados e feiras de todo o mundo.

Na Illa hai un lugar máxico en Cabeza de Dragón, onde se pode mercar todo o que poidades imaxinar! É o Feirón do Unicornio, un mercado ao aire libre multicultural e atemporal, onde podedes atopar dende dentes de dinosaurios ata pasteis ou camisetas de cores.

Así que preparádevos!

Comezaremos esta aventura percorrendo a Illa, coñecendo os seus campos e xentes e remataremos no Feirón do Unicornio.

Aquí vos deixo un mapa da Illa con todo o que imos percorrer.

Comezaremos esta viaxe dende os viñedos do Norte: uvas, viño e mosto, que venderá Paquita na Berza, A froiteira no seu posto do feirón, ademais dos figos, verduras e cabazas que crecen na horta da escola, e as castañas e cogomelos do Souto e cereais como o millo e o trigo de Boca de Lobo ou o arroz que medra nos campos anegados fronte a Cabeza de Dragón.

No seu posto podes tamén mercar mel.

E ti? Coñeces algún feirón?

E algunha froiteira? Sabes onde mercar esas cousas na túa vila?

Espero unha carta coas vosas respostas!

Ata pronto...

Boa fortuna e saúde para todos e todas!



...Actividades suxeridas..

1. **Investigar** sobre as froitas de **temporada**.

2. Traballar no **mapa** cos diversos rincóns e alimentos

3. **Froitos**: uvas, millo, figos, cabazas, cogomelos, castañas.

4. **Ficha da muller**: Paquita na Berza(Francisca, a froiteira)- Comezamos a completar a licenza de feirante co adhesivo da muller.-

5. **Escribir carta** entre todos e todas os da clase

con as respostas: se coñeces algún feirón , onde se pode comprar as alimentos dos que fala a carta (pedir información ás **familias** como presentación e inicio do proxecto).

6. Traballamos **trazo e conciencia fonolóxica** da **F**:

Feirón, froita, Francisca, Froiteira, figos...

- *Adxunto noutro documento a nota para as familias.
- Haberá un mapa en A3 a color das materias primas da Illa e renovaremos os tradicionais.

Cancións:

<https://youtu.be/SqBqSYNMqHQ>

Pan de millo (Migallas)

<https://youtu.be/K1-O7u11imU>

Rolda das froitas

<https://youtu.be/QWf2ybRfXsA>

Uxia Lambona.Os oficios.

https://youtu.be/yEhQr_ROsJ0

Fun ao mercado

<https://youtu.be/HPToSwNoiws>

Esa granxa

<https://youtu.be/05USj9HJHMk>

A horta de Balbina

<https://youtu.be/GiFR1y7NzL8>

Video saída escolar a un feirón

https://youtu.be/AMn_yQ17ifs

A paleta de cores galega(música e imaxes)

https://youtu.be/_NhEO1fziNU

Quero ser ecoloxista.(Pablo Díaz)